

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Afonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30*, Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 10 DE FEBREIRO • 2000 • Nº 921 • ANO XXIII • IV XEIRA •

Alga e Fungo

FRANCISCO CARBALLO

A Terra de Maceda non e pródiga en poetas. Parente camiñaba nos anos trinta polas ruas da vila; estaba a elaborar "Prisma azul". Nos tempos dos Precursores, García Mosquera versificaba en trilingüe. Outros poetas houbo e hai naquel val co embigo nos igrexários de Asadur, pero moi poucos nos papeis imprentados.

Santiago Prol, un dos novos valores intelectuais da vila, tñíanos informado da vida e da obra de Benigno Álvarez, estao a facer agora de Fernando Quiroga o "cardeal" de Galiza. Á vez apréséntase o poeta: amosa a súa intimidade en "Alga e fungo".

O poemário de Prol é breve, tanto como intenso, compulsivo, toca fondo. Recolle, na plasticidade cálida das súas intuicións, o "tellus" afundido na gándara redonda baixo San Mamede e o Rodicio. Porque a paisaxe verde, húmida e silente, ten na fondura augas quentes, sempre a bulir até rachar a costra inda que sexa un pouco lonxe, alá polas burgas de Molgas. "Alga e fungo" é o rebentón, un produto orixinal da artesanía dos anos ben da vila. Cando esta producía porque os lugares aportaban ao mercado semanal e as dúas feiras mensuais xenerosas entregas do agro e da ganadería. Todo agora en crise.

Creo que en "Alga e fungo" resoa ese fondo volcánico das augas quentes, das augas dos regueiros e dos ríos troiteiros. E tamén plastificaba o vello vivir da vila. E máis directamente a batalla da persoa no seu conflictivo pasar.

"despois dunha embestida brutal
compracente
dun ataque alevoso
gratificante
a prudencia
aconselláballe
unha retirada aos cuarteis de inverno"
(...)
Despois dunha embestida transgresora
indulxente
dunha arremetida premeditada
asentida
a mesura
suxeríalle
un repregue ás orixes
ó túnel intrauterino
licuifáctico
manancial
e primeirísimo"

Así S. Prol expresa o conflito perosal. Máis conflito ten o Concello para refrotar unha Terra disparatadamente abandonada ao caos primixénio. ♦